DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 205 | Venres, 27 de outubro de 2023 | Páx. 58796

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

*RESOLUCIÓN do 23 de outubro de 2023, conxunta da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e da Consellería de Economía, Industria e Innovación, pola que se adxudican as axudas da Orde do 6 de xullo de 2023 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (códigos de procedemento ED481B e IN606B).*

A Orde do 6 de xullo de 2023 (DOG núm. 138, do 20 de xullo), conxunta da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e da Consellería de Economía, Industria e Innovación, establece as bases reguladoras e a convocatoria das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva.

O obxecto desta convocatoria é outorgar axudas ás universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG), aos organismos públicos de investigación de Galicia, ás fundacións de investigación sanitaria de Galicia (Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, Fundación Profesor Novoa Santos, Fundación Biomédica Galicia Sur), e aos centros do CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas) radicados en Galicia, que contraten persoas tituladas superiores que obtiveron recentemente o título de doutora ou doutor para a súa formación nos seus centros, unidades ou departamentos, permitindo a mellora das súas capacidades mediante estadías de investigación posdoutoral no estranxeiro.

No artigo 2.1 da orde de convocatoria determínase quen pode ser beneficiario e, no artigo 2.2 os requisitos que deben cumprir as persoas candidatas ás axudas.

De acordo co establecido no artigo 10 desta convocatoria, unha vez analizadas as solicitudes, publicáronse as listas provisionais de solicitudes admitidas e excluídas e as entidades solicitantes tiveron un prazo de dez días naturais para formular reclamacións, para emendar erros e falta de documentos das persoas interesadas ante a Secretaría Xeral de Universidades ou ante a Axencia Galega de Innovación, segundo a entidade solicitante.

CVE-DOG: hvl5awh4-cbn4-wjd1-qv52-iccodl0c7276

Unha vez que se recibiu e se examinou esta documentación, o 21 de setembro de 2023 publicouse a lista definitiva de solicitudes admitidas e excluídas.

As solicitudes foron avaliadas por un equipo avaliador formado por persoas expertas de fóra do Sistema de I+D+i galego, coa colaboración da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), a partir da documentación indicada no artigo 7 da convocatoria e segundo o baremo que se indica no anexo I.

O resultado desta avaliación entregóuselle á Comisión de Selección definida no artigo 12 da orde de convocatoria, que elaborou un informe para os órganos instrutores en que figuran as entidades beneficiarias, xunto coa prelación das persoas candidatas a ser destinatarias das axudas, e a lista de agarda para posibles substitucións.

A competencia para resolver estas axudas correspóndelles conxuntamente á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e á persoa titular da Presidencia da Axencia Galega de Innovación, de acordo co artigo 13 da convocatoria.

En consecuencia, de acordo co establecido no artigo 13 das bases da convocatoria e atendendo á proposta de concesión elevada polos órganos instrutores a partir do informe da Comisión de Selección, reunida o día 6 de outubro de 2023, a través da Secretaría Xeral de Universidades e da Axencia Galega de Innovación,

RESOLVEMOS:

Primeiro. Conceder as axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral convocadas mediante a Orde do 6 de xullo de 2023 ás entidades que contraten as persoas seleccionadas que se relacionan no anexo I desta resolución, no que se reflicten tamén as solicitudes das persoas investigadoras que obteñen a condición de bolseiras Fulbright.

No ámbito das universidades do SUG concédense un mínimo de 6 axudas por cada rama de coñecemento, de acordo co indicado no artigo 3.2 da convocatoria.

Segundo. Establecer unha lista de agarda para as solicitudes presentadas polas universidades do SUG, que se inclúe como anexo II, para determinar posibles substitucións, segundo os criterios establecidos no artigo 12. Nesta lista figuran por orde decrecente de puntuación as solicitudes que non acadaron a puntuación suficiente para ser adxudicatarias da axuda, pero que teñen unha puntuación igual ou superior á mínima establecida no artigo 11.2 da convocatoria.

CVE-DOG: hvl5awh4-cbn4-wjd1-qv52-iccodl0c7276

No caso das demais entidades solicitantes do artigo 2, non se propón unha lista de agarda xa que só obtiveron unha puntuación igual ou superior á mínima establecida, no artigo 11 das bases da convocatoria, 9 das solicitudes presentadas.

Terceiro. Todas as solicitudes que figuran nos anexos I e II desta resolución cumpren os requisitos establecidos nas bases da convocatoria. Así mesmo, as solicitudes que non figuran relacionadas nos citados anexos entenderanse denegadas ou desestimadas.

Cuarto. A data de comezo dos contratos será o día 31 de outubro de 2023, agás para a persoas non comunitarias que poderán asinar o contrato ata o día 16 de decembro de 2023.

Quinto. As axudas concedidas financiaranse con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 e anos sucesivos, de acordo coa seguinte distribución segundo a estrutura de pagamento recollida no artigo 19 das bases da convocatoria.

Universidades do SUG: 40 axudas.

O importe das axudas das universidades do SUG imputarase ao Plan galego de financiamento universitario para o período 2022-2026.

| Aplicación orzamentaria | Universidade | Nº de axudas | Crédito (en euros) | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | 2023 | 2024 | 2025 | 2026 | Total |
| 10.03.561B.444.0 | UDC | 4 | 27.688,80 | 211.000,00 | 204.500,00 | 118.951,20 | 562.140,00 |
| | USC | 23 | 159.210,60 | 1.167.000,00 | 1.157.500,00 | 683.969,40 | 3.167.680,00 |
| | UVigo | 13 | 89.988,60 | 636.500,00 | 624.500,00 | 386.591,40 | 1.737.580,00 |
| Total SUG | | | 276.888,00 | 2.014.500,00 | 1.986.500,00 | 1.189.512,00 | 5.467.400,00 |

Demais entidades: 9 axudas.

| Aplicación orzamentaria | Entidade | Nº de axudas | Crédito (en euros) | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | 2023 | 2024 | 2025 | 2026 | Total |
| 05.A2.561A.403.0 | Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit) do CSIC | 1 | 6.922,23 | 45.500,00 | 45.500,00 | 26.577,77 | 124.500,00 |
| 05.A2.561A.403.0 | Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC | 1 | 6.922,23 | 51.500,00 | 51.500,00 | 26.577,77 | 136.500,00 |
| 05.A2.561A.481.0 | Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela | 5 | 34.611,15 | 260.500,00 | 274.000,00 | 132.888,85 | 702.000,00 |
| 05.A2.561A.481.0 | Fundación Profesor Novoa Santos | 2 | 13.844,46 | 91.500,00 | 97.000,00 | 53.155,54 | 255.500,00 |
| Total | | | 62.300,07 | 449.000,00 | 468.000,00 | 239.199,93 | 1.218.500,00 |

CVE-DOG: hvl5awh4-cbn4-wjd1-qv52-iccodl0c7276

Sexto. As entidades beneficiarias deberán remitir un escrito de aceptación das axudas á Secretaría Xeral de Universidades, no caso das universidades do SUG, ou á Axencia Galega de Innovación no caso das demais entidades indicadas no artigo 2 da convocatoria, no prazo de dez días contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución e vincularán as persoas seleccionadas aos seus organismos mediante a formalización do correspondente contrato.

Sétimo. O artigo 19 da orde de convocatoria establece que as entidades beneficiarias e contratantes das persoas seleccionadas serán as encargadas de presentar as xustificacións correspondentes adecuadas á normativa comunitaria e nacional de aplicación e serán as perceptoras dos fondos para o pagamento dos contratos.

Segundo o establecido no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen se ter presentado ante o órgano administrativo competente, este requirirá a entidade beneficiaria para que, no prazo improrrogable de dez días, a presente. A falta de presentación da xustificación comportará a perda do dereito ao cobramento parcial ou total da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

Oitavo. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no caso de solicitudes pertencentes ao SUG, e ante a persoa titular da Presidencia da Axencia Galega de Innovación nos restantes casos, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 19 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2023

O conselleiro de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades
P.D. (Orde do 29.7.2022)
Manuel Vila López
Secretario xeral técnico da Consellería
de Cultura, Educación, Formación
Profesional e Universidades

María Jesús Lorenzana Somoza
Conselleira de Economía, Industria
e Innovación e presidenta
da Axencia Galega de Innovación

CVE-DOG: hvl5awh4-cbn4-wjd1-qv52-iccodl0c7276

CVE-DOG: hvl5awh4-cbn4-wjd1-qv52-iccodl0c7276



Diario Oficial de Galicia
XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

ANEXO I

**Axudas concedidas**

Universidade da Coruña.

| Nº de exp. | 1º apelido | 2º apelido | Nome | Rama de coñecemento | Bolsa Fulbright | 1ª estadía | | 2ª estadía | | Nota |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | Datas | Zona | Datas | Zona | |
| ED481B-2023-126 | Vázquez | Sulleiro | Manuel | Ciencias | Non | 1.1.2024-31.12.2025 | 1 | | | 95,5 |
| ED481B-2023-132 | Rodríguez | Llorente | Carolina | Ciencias Sociais e Xurídicas | Non | 1.1.2024-31.12.2024 | 3 | 1.1.2025-31.12.2025 | 1 | 88,5 |
| ED481B-2023-134 | González | Suárez | Rocío | Ciencias Sociais e Xurídicas | Si | 1.2.2024-31.12.2025 | 3 | | | 84,95 |
| ED481B-2023-135 | Vieites | Lestón | Tania | Ciencias Sociais e Xurídicas | Non | 1.4.2024-30.11.2025 | 2 | | | 84,1 |

Universidade de Santiago de Compostela.

| Nº de exp. | 1º apelido | 2º apelido | Nome | Rama de coñecemento | Bolseiro/a Fulbright | 1ª estadía | | 2ª estadía | | Nota |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | Datas | Zona | Datas | Zona | |
| ED481B-2023-085 | García | Sánchez | Lúa | Artes e Humanidades | Non | 1.1.2024-31.8.2025 | 2 | | | 101 |
| ED481B-2023-052 | Maldonado | Ruiz | Alexis | Artes e Humanidades | Non | 10.1.2024-31.12.2024 | 2 | 1.1.2025-31.12.2025 | 2 | 100,5 |
| ED481B-2023-103 | García | Rodríguez | Matías | Artes e Humanidades | Non | 1.1.2024-31.12.2025 | 2 | | | 87,2 |
| ED481B-2023-100 | Álvarez | Seijo | Begoña | Artes e Humanidades | Si | 1.2.2024-31.12.2025 | 3 | | | 87,15 |
| ED481B-2023-057 | González | Gómez | Manuel Antonio | Ciencias | Non | 1.1.2024-31.12.2024 | 1 | 1.1.2025-31.12.2025 | 2 | 94,55 |
| ED481B-2023-069 | Mora | Fuentes | Juan Pedro | Ciencias | Non | 1.1.2024-31.10.2025 | 2 | | | 94,2 |

DOG Diario Oficial de Galicia
DOG Núm. 205 Venres, 27 de outubro de 2023 Páx. 58801

| Nº de exp. | 1º apelido | 2º apelido | Nome | Rama de coñecemento | Bolseiro/a Fulbright | 1ª estadía | | 2ª estadía | | Nota |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | Datas | Zona | Datas | Zona | |
| ED481B-2023-083 | Fuentes | Alonso | Elsa | Ciencias | Non | 1.1.2024-31.12.2025 | 2 | | | 91,5 |
| ED481B-2023-091 | Rodríguez | Villamayor | Paula | Ciencias da Saúde | Si | 1.1.2024-31.12.2025 | 3 | | | 92,5 |
| ED481B-2023-063 | García | Otero | Xurxo | Ciencias da Saúde | Non | 1.1.2024-31.12.2025 | 1 | | | 84,8 |
| ED481B-2023-118 | Vázquez | Loureiro | Patricia | Ciencias da Saúde | Non | 1.1.2024-31.8.2025 | 2 | | | 84,5 |
| ED481B-2023-065 | Velasco | Rodríguez | Brenda | Ciencias da Saúde | Non | 1.1.2024-31.12.2025 | 1 | | | 84,3 |
| ED481B-2023-081 | Carballo | Fazanes | Aida | Ciencias da Saúde | Non | 1.4.2024-31.12.2025 | 1 | | | 84 |
| ED481B-2023-092 | Díaz | Tomé | Victoria | Ciencias da Saúde | Non | 1.1.2024-31.12.2025 | 1 | | | 81 |
| ED481B-2023-078 | Correa | Chica | Jully Andrea | Ciencias Sociais e Xurídicas | Non | 1.1.2024-31.12.2024 | 2 | 1.1.2025-31.12.2025 | 3 | 95 |
| ED481B-2023-093 | Varela | Castro | Ignacio | Ciencias Sociais e Xurídicas | Non | 1.1.2024-31.12.2024 | 2 | 1.1.2025-31.12.2025 | 1 | 83,5 |
| ED481B-2023-072 | Arias | Calvo | Ana | Enxeñaría e Arquitectura | Non | 1.1.2024-31.12.2025 | 2 | | | 92,5 |
| ED481B-2023-076 | Calvelo | Souto | Martín | Ciencias | Non | 1.1.2024-31.12.2025 | 1 | | | 91 |
| ED481B-2023-123 | Salluce | | Giulia | Ciencias | Non | 1.1.2024-31.12.2025 | 2 | | | 90,5 |
| ED481B-2023-104 | Rodríguez | Vázquez | Raquel | Ciencias | Non | 1.1.2024-31.12.2024 | 2 | 1.1.2025-31.12.2025 | 2 | 87,25 |
| ED481B-2023-068 | Otero | González | Uxía | Artes e Humanidades | Non | 1.1.2024-31.12.2024 | 3 | 1.1.2025-31.12.2025 | 1 | 87 |
| ED481B-2023-107 | Rodríguez | Lemos | Anxo | Artes e Humanidades | Non | 1.1.2024-31.12.2024 | 1 | 1.1.2025-31.12.2025 | 2 | 85,8 |
| ED481B-2023-117 | Parga | Martínez | Ana | Ciencias | Non | 1.1.2024-31.12.2025 | 2 | | | 85,75 |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

DOG Núm. 205 Venres, 27 de outubro de 2023 Páx. 58802

Diario Oficial de Galicia

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

| Nº de exp. | 1º apelido | 2º apelido | Nome | Rama de coñecemento | Bolseiro/a Fulbright | 1ª estadía | | 2ª estadía | | Nota |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | Datas | Zona | Datas | Zona | |
| ED481B-2023-067 | Sánchez | García | Carlos | Ciencias | Non | 1.1.2024-31.12.2025 | 2 | | | 68,25 |

Universidade de Vigo.

| Nº de exp. | 1º apelido | 2º apelido | Nome | Rama de coñecemento | Bolseiro/a Fulbright | 1ª estadía | | 2ª estadía | | Nota |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | Datas | Zona | Datas | Zona | |
| ED481B-2023-025 | García | Varela | Pablo | Artes e Humanidades | Non | 1.1.2024-31.12.2024 | 2 | 1.1.2025-31.12.2025 | 2 | 90,5 |
| ED481B-2023-022 | Herrero | Alonso | Diego | Artes e Humanidades | Non | 1.1.2024-31.12.2025 | 1 | | | 89,9 |
| ED481B-2023-016 | Pérez | Alarcón | Albenis | Ciencias | Non | 1.1.2024-31.12.2025 | 1 | | | 93,5 |
| ED481B-2023-036 | Guitián | Bermejo | José | Ciencias | Non | 1.3.2024-30.10.2025 | 2 | | | 92,5 |
| ED481B-2023-011 | Suárez | Eiroa | Brais | Ciencias Sociais e Xurídicas | Non | 1.1.2024-31.12.2025 | 1 | | | 86,5 |
| ED481B-2023-041 | Iglesias | Prado | José Ignacio | Enxeñaría e Arquitectura | Non | 1.1.2024-31.12.2025 | 1 | | | 96 |
| ED481B-2023-042 | Acuña | Alonso | Carolina | Enxeñaría e Arquitectura | Non | 1.1.2024-31.12.2025 | 1 | | | 91,5 |
| ED481B-2023-030 | Pou | Álvarez | Pablo | Enxeñaría e Arquitectura | Si | 1.1.2024-31.12.2024 | 3 | 1.1.2025-31.12.2025 | 3 | 88 |
| ED481B-2023-005 | Nogueira | Rodríguez | Alba | Enxeñaría e Arquitectura | Non | 1.1.2024-31.12.2025 | 1 | | | 86 |
| ED481B-2023-019 | Pérez | Estévez | Diego | Enxeñaría e Arquitectura | Non | 1.1.2024-31.12.2025 | 1 | | | 85,5 |
| ED481B-2023-006 | Román | Geada | Marta | Ciencias | Non | 1.1.2024-31.8.2025 | 2 | | | 90,85 |
| ED481B-2023-023 | Meno | Fariñas | Laura | Ciencias | Non | 1.1.2024-31.12.2025 | 2 | | | 89,9 |

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

| Nº de exp. | 1º apelido | 2º apelido | Nome | Rama de coñecemento | Bolseiro/a Fulbright | 1ª estadía | | 2ª estadía | | Nota |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | Datas | Zona | Datas | Zona | |
| ED481B-2023-044 | Kyriakidi | | Sofía | Ciencias | Non | 1.1.2024-31.8.2025 | 2 | | | 85,5 |

## Outras entidades

Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit) do CSIC.

| Nº de exp. | 1º apelido | 2º apelido | Nome | Rama de coñecemento | Bolsa Fulbright | 1ª estadía | | 2ª estadía | | Nota |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | Datas | Zona | Datas | Zona | |
| IN606B-2023/007 | Morado | Castresana | Candela | Ciencias Sociais e Xurídicas | Non | 1.1.2024-31.12.2024 | 1 | 1.1.2025-31.12.2025 | 1 | 83,50 |

Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC.

| Nº de exp. | 1º apelido | 2º apelido | Nome | Rama de coñecemento | Bolsa Fulbright | 1ª estadía | | 2ª estadía | | Nota |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | Datas | Zona | Datas | Zona | |
| IN606B-2023/006 | Domínguez | Arca | Vicente | Ciencias | Non | 1.1.2024-31.12.2025 | 2 | - | - | 65,95 |

Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela.

| Nº de exp. | 1º apelido | 2º apelido | Nome | Rama de coñecemento | Bolsa Fulbright | 1ª estadía | | 2ª estadía | | Nota |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | Datas | Zona | Datas | Zona | |
| IN606B-2023/001 | Picallos | Rabina | María del Pilar | Ciencias da Saúde | Non | 1.3.2024-30.11.2025 | 2 | - | - | 76,60 |
| IN606B-2023/002 | Correa | Paz | Clara | Ciencias da Saúde | Non | 1.5.2024-31.12.2025 | 2 | - | - | 81,50 |
| IN606B-2023/003 | Guillán | Fresco | María | Ciencias da Saúde | Non | 1.1.2024-31.12.2025 | 3 | - | - | 94,00 |

| Nº de exp. | 1º apelido | 2º apelido | Nome | Rama de coñecemento | Bolsa Fulbright | 1ª estadía | | 2ª estadía | | Nota |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | Datas | Zona | Datas | Zona | |
| IN606B-2023/004 | Rodríguez | Martínez | Lorena | Ciencias da Saúde | Si | 1.1.2024-31.12.2025 | 3 | - | - | 78,10 |
| IN606B-2023/005 | Regueira | Iglesias | Alba | Ciencias da Saúde | Non | 1.5.2024-31.12.2025 | 2 | - | - | 93,55 |

Fundación Profesor Novoa Santos.

| Nº de exp. | 1º apelido | 2º apelido | Nome | Rama de coñecemento | Bolsa Fulbright | 1ª estadía | | 2ª estadía | | Nota |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | Datas | Zona | Datas | Zona | |
| IN606B-2023/009 | Pensado | López | Alba | Ciencias da Saúde | Non | 1.5.2024-31.12.2025 | 1 | - | - | 71,00 |
| IN606B-2023/012 | Rodríguez-Candela | Mateos | Marina | Ciencias da Saúde | Non | 1.2.2024-31.12.2025 | 2 | - | - | 70,50 |

ANEXO II

**Lista de agarda**

Universidades do SUG.

| Nº de exp. | Univ. | 1º apelido | 2º apelido | Nome | Rama de coñecemento | Bolseiro/a Fulbright | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ED481B-2023-034 | UVigo | Todisco | | Emanuela | Artes e Humanidades | Non | 85,5 |
| ED481B-2023-040 | UVigo | Rey | Rodríguez | Iván | Artes e Humanidades | Non | 85,5 |
| ED481B-2023-125 | UDC | Concheiro | Moscoso | Patricia | Enxeñaría e Arquitectura | Non | 85,2 |
| ED481B-2023-075 | USC | López | Fernández | Tamara | Artes e Humanidades | Non | 83,5 |
| ED481B-2023-053 | USC | Giráldez | López | Antonio | Artes e Humanidades | Non | 83,5 |
| ED481B-2023-029 | UVigo | Martínez | Merino | Paloma | Ciencias | Non | 83,4 |
| ED481B-2023-109 | USC | Sánchez | Sordo | Irene | Ciencias | Non | 83 |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

| Nº de exp. | Univ. | 1º apelido | 2º apelido | Nome | Rama de coñecemento | Bolseiro/a Fulbright | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ED481B-2023-037 | UVigo | Redondo | Gutiérrez | Laura | Ciencias Sociais e Xurídicas | Non | 83 |
| ED481B-2023-031 | UVigo | García | Lojo | Daniel | Ciencias | Non | 82,6167 |
| ED481B-2023-116 | USC | Alonso | Pena | María | Ciencias | Non | 82,5 |
| ED481B-2023-061 | USC | Tacón | García | Antía | Artes e Humanidades | Non | 82,5 |
| ED481B-2023-074 | USC | Rivas | Fernández | Miguel Ángel | Ciencias Sociais e Xurídicas | Non | 82,5 |
| ED481B-2023-059 | USC | Hernando | Santamaría | Raquel | Artes e Humanidades | Non | 82 |
| ED481B-2023-121 | UDC | Pérez | Adan | Darian | Enxeñaría e Arquitectura | Si | 81,5 |
| ED481B-2023-021 | UVigo | Zoni | | Valeria | Ciencias | Non | 81,35 |
| ED481B-2023-045 | UVigo | Ayuso | Vilaboa | Manuel | Ciencias | Non | 81,15 |
| ED481B-2023-004 | UVigo | Moclán | Ramos | Abel | Artes e Humanidades | Non | 81,1 |
| ED481B-2023-119 | UDC | Merino | Rusillo | Juan Pedro | Ciencias | Non | 81 |
| ED481B-2023-049 | USC | Vila | Tojo | Sergio | Ciencias Sociais e Xurídicas | Non | 80,6 |
| ED481B-2023-090 | USC | Domínguez | Álvarez | Beatriz | Ciencias Sociais e Xurídicas | Non | 80,3 |

CVE-DOG: hvl5awh4-cbn4-wjd1-qv52-iccodl0c7276
XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia